



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 211/1102

### ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE SETEMBRO DE 2017.

- 1.- Acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 14 de setembro de 2017.

#### CONTRATACIÓN

- 2.- Proposta de adxudicación do subministro, posta en funcionamento e mantemento de desfibriladores semiautomáticos para instalacións deportivas municipais. Expte. 948/611.
- 3.- Dar conta da resolución do TACRC sobre adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia, socorrismo, salvamento e asistencia sanitaria de primeiros auxilios en determinados areas do Concello de Vigo. Expte. 11483/306.

#### DEPORTES

- 4.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Down Vigo para a exención de pago do prezo público pola utilización da instalación municipal de Lavadores para a realización dun programa de actividade física vinculado a persoas con necesidades específicas. Expte. 1475/611.
- 5.- Proxecto de convenio de colaboración co Centro de Educación Especial Menela para a exención de pago do prezo público pola utilización da instalación municipal de Coia para a realización dun programa de actividade física vinculado a persoas con necesidades específicas. Expte. 1479/611.
- 6.- Proxecto de convenio de colaboración coa Asociación Alborada para a exención de pago do prezo público pola utilización da piscina e ximnasio de Teis para a realización dun programa de actividade física vinculado a persoas con necesidades específicas. Expte. 1476/611.
- 7.- Proxecto de convenio coa Agrupación Deportiva Vigo para a dinamización do Programa de competición "Vigo en Xogo". Expte. 1483/611.

### EMPREGO

- 8.- Dar conta dos contratos menores tramitados polo Servizo de Desenvolvemento local e Emprego no período de maio ata agosto de 2017. Expte. 14432/77.

### IGUALDADE

- 9.- Proposta de concesión de subvencións das solicitudes presentadas á convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para o programa de promoción do deporte feminino na tempada 2016/2017. Expte. 7636/224.

### MEDIO AMBIENTE

- 10.- Revisión de prezos do contrato de prestación de servizo de mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Lavadores, Candeán, Pereiro, Teis e Zamáns. Expte. 8700/255.
- 11.- Proposta para declarar deserto o procedemento de adxudicación das autorizacións do quiosco 1 Areal da Punta na Guía e quiosco 10 no areal do Vao de ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada: quioscos nas praias do Concello de Vigo. Expte. 12743/306.
- 12.- Proposta de aprobación do "Proxecto de actividades de sensibilización e educación medioambiental: Percorridos Medioambientais de Outono"- Camiño a Camiño 2017. Expte. 12879/306.

### RECURSOS HUMANOS

- 13.- Dietas do órgano de selección de Oficial mecánico/a, promoción interna, OEP 2013, por importe de 205,00 €. Expte. 30584/220.
- 14.- Dietas do órgano de selección de Oficial conserxe, promoción interna, OEP 2013, por importe de 694,56 €. Expte. 30602/220.
- 15.- Dietas do órgano de selección de Oficial xardineiro/a, promoción interna, OEP 2013, por importe de 654,78 €. Expte. 30619/220.
- 16.- Dietas do órgano de selección de Técnico/a medio/a de actividades culturais e educativas, promoción interna, OEP 2013, por importe de 1144,18 €. Expte. 30620/220.



## Concello de Vigo

SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL  
Expte. 211/1102

### URBANISMO

17.- Recepción das obras ordinarias de urbanización de vial perpendicular á rúa Canido nº 143, Oia. Expte. 4923/401.

18.- Rogos e preguntas.

### **DECRETO DE CONVOCATORIA**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ordinaria na súa Sala o día **28 de setembro de 2017, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local; á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdG-PSOE . Fágase público no taboleiro da Casa do Concello para ós efectos de información.

CCA/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez